



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Obradoiro de creatividade artística

Materia	Obradoiro de creatividade artística			
Código	O05G110V01906			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 3	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Blanco Sierra, Javier			
Profesorado	Blanco Sierra, Javier Martín Gulias, Néstor			
Correo-e	jsierra@uvigo.es			
Web	<a href="http://estudio-de-creatividad.blogspot.com.es/">http://estudio-de-creatividad.blogspot.com.es/</a>			
Descripción xeral	A importancia da creatividade artística no contexto da educación, da arte, da cultura e da sociedade contemporáneas resulta indiscutible por tanto a transformación e a diversidade dos patróns culturais están estreitamente vinculados co potencial da imaxinación construtora e da carga emotiva da obra de arte, co desenvolvemento dun pensamento orixinal e innovador e cunha forma de actuar diverxente que orienta e promove o desenvolvemento de obras artísticas novas e orixinais. Co taller da creatividade o alumno estuda os patróns estéticos subxacentes na contorna servíndose da investigación na plástica e promovendo desta forma unha educación más integral, unha concepción más aberta e diverxente, un novo modelo idealista que xera descubrimientos co estudo das distintas técnicas artísticas e crea desta forma novas obras baixo unha concepción didáctica na que se potencia a sensibilidade respecto á contorna artística-plástico e a formación estética.			

## Competencias

### Código

A1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudio que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio.
A2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensíons cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudiantes
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C2	Coñecer os desenvolvimentos da psicología evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico
C7	Identificar dificultades de aprendizaxe, disfunciones cognitivas e as relacionadas coa atención.

C9	Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudiantes con dificultades.
C10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
C11	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar.
C12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellóra en educación infantil.
C25	Abordar análise de campo mediante metodoxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuales.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C34	Coñecer estratexias didácticas para desenvolver representacións numéricas e nocións espaciais, geométricas e de desenvolvemento lóxico.
C41	Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
C53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
C56	Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
C57	Analizar as linguaxes audiovisuales e as súas implicaciones educativas.
C58	Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística.
C59	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma.
C60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
C61	Controlar e facer o seguimiento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
C62	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro.
C63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
C64	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
C65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudiantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
C66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D5	Coñecemento de informática
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións inter persoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Desenvolver a capacidade para coñecer os procesos da creación e da producción artística.	A1	B1	C2	D1
Capacitar aos alumnos no coñecemento dos modos de investigación nas artes.	A2	B7	C4	D2
Capacidade para aplicar os coñecementos técnicos e os procedementos para o desenvolvemento da práctica artística.	A3		C5	D5
	A4		C7	D7
	A5		C9	D8
			C10	D9
			C11	D13
			C25	D15
			C55	D16
			C57	D17
			C62	D21

Capacidade para a organización dun sistema creativo innovador.	A1	B2	C41	D1
Capacidade para a presentación e exposición de proxectos artísticos.	A2	B7	C57	D2
	A3		C59	D7
	A5		C60	D13
			C62	D15
			C63	D20
			C65	
			C66	
Capacidade para a elaboración de textos relacionados co traballo realizado sobre unha cuestión artística.	A1	B7	C23	D1
	A3		C41	D7
Capacidade para buscar, analizar e incorporar recursos desde outros ámbitos e aplicalo logo aos ámbitos artísticos e da creatividade.	A4		C57	D8
	A5		C58	D9
			C61	D16
				D17
Capacidade para elaborar un anteproxecto que se poida concretar logo nun proxecto na aula.	A1	B11	C12	D1
Capacidade para contextualizar o traballo realizado, dando a razón do fundamento dos principios do mesmo.	A2		C34	D5
	A3		C53	D7
	A4		C57	D8
	A5		C59	D9
			C62	D13
			C63	D17
				D21
Capacidade para documentar o traballo realizado, saber investigar nas fontes e saber aplicalo ao traballo de propia creación.	A1	B1	C1	D1
	A2	B7	C29	D7
Capacidade para a análise e a avaliação de proxectos, así como saber extrapolalo a ámbitos das artes.	A3	B11	C34	D8
	A4		C41	D11
			C55	D12
			C56	D13
			C62	D15
			C64	D17
				D19
				D21

## Contidos

### Tema

A creatividade e a análise das formas	<p>A investigación e a creatividade dirixida a repertorios artísticos e orientadas á educación infantil.</p> <p>A investigación didáctica no referente á imaxinación na obra artística.</p> <p>Metodoloxías para xerar obras creativas, orixinais e estéticas.</p> <p>Incorporación didáctica das tecnoloxías da información e da comunicación e de todos os novos métodos informáticos aplicables no aula a este nivel.</p> <p>A creatividade como mellora da intelixencia persoal e de progreso da sociedade: descubrimento de pautas estéticas na obra de arte.</p> <p>A imaxinación nas estruturas tridimensionais e nos traballos de volume creativo. Xeración de novas ideas e conceptos artísticos, de novas asociacións entre ideas e de conceptos coñecidos, como produtores de solucións orixinais.</p> <p>A investigación e a creatividade dirixida.</p> <p>A incorporación do xogo na creatividade.</p>
Modelos de investigación e de creatividade	<p>Procedemento para o desenvolvemento de novas ideas e conceptos artísticos, de novas asociacións entre ideas e conceptos coñecidos, como produtores de solucións orixinais.</p> <p>Ensinar a utilizar a creatividade como mellora da intelixencia persoal e de progreso da sociedade: descubrimento de pautas estéticas na obra de arte.</p> <p>Modelos de investigación e de creatividade.</p> <p>Elaboración artística e didáctica para o esenvolvemento do enxeño, da inventiva, do pensamento orixinal e da imaxinación construtiva.</p> <p>Técnicas para xerar e avaliar ideas.</p> <p>Interpretación didáctica de obras artísticas na historia.</p> <p>Soporte teórico práctico e coñecemento da técnica.</p> <p>Modos de potenciar o pensamento diverxente e creativo.</p> <p>Estudos creativos do debuxo e cor dende a didáctica.</p> <p>Psicoloxía da creatividade e factores relacionados: o humor, a felicidade, a depresión, o medo, trastornos, etc.</p> <p>Creatividade artística versus científica.</p> <p>ideas e teorías da creatividade innata.</p>

Investigación e creación na obra de arte	Desenvolvemento de mecanismos de producción de ideas, conceptos, de descubrimentos novos, orixinais e útiles. Estudo da inventiva e a súa relación coa didáctica das artes. Estudo de criterios para examinar cando unha obra é creativa. Optimización dos procesos creativos, estudo da calidade da obra respecto á novedade que ofrece. Investigación, creación e innovación. As técnicas para o desenvolvemento da orixinalidade na obra de arte: principio de adaptabilidade e posibilidades de realización concreta. Traballo de producción de ideas, conceptos, descubrimentos novos, orixinais e útiles, estéticos. Estudo da inventiva e didáctica nas nas Artes. Estudo de criterios para examinar cando unha obra é creativa. Optimización dos procesos creativos, estudo da calidade da obra respecto á novedade que ofrece. Investigación, creación e innovación. A creatividade dende unha perspectiva cultural e social.
--	--

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Obradoiro	15	30	45
Traballo tutelado	12.5	31.5	44
Prácticum, Practicas externas e clínicas	1	2	3
Estudo previo	1	1	2
Lección maxistral	16	16	32
Traballo	5	5	10
Observación sistemática	2	12	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descripción
Obradoiro	Elaboración artística didáctica no taller para o desenvolvemento do enxeño, da inventiva, do pensamento orixinal e da imaxinación construtiva. Interpretación práctica didáctica de obras artísticas na historia. Soporte teórico-práctico e coñecemento da técnica no estudio do taller.
Traballo tutelado	Guía de traballos de arte e saber ver no pensamento diverxente e creativo. Estudos creativos do debuxo e cor desde a didáctica tras a explicación en clase de pautas de realización. Titorización da realización nas estruturas tridimensionais e nos traballos de volume creativo. Incorporación didáctica titorizada das tecnoloxías da información e da comunicación e de todos os novos métodos informáticos aplicables na aula a este nivel.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Estímulo ao aire libre na xeración de novas ideas e conceptos artísticos, de novas asociacións entre ideas observadas e de conceptos coñecidos, como produtores de solucións orixinais. Modelos de investigación e de creatividade intencionada nas prácticas externas. A investigación didáctica no referente á imaxinación na obra artística e a súa relación coa realidade do exterior.
Estudo previo	Utilizar a realización de esbozos e estudios previos como mellora da obra práctica persoal e de progreso da didáctica: descubrimento de pautas estéticas na obra de arte e da súa transmisión ao alumnado.
Lección maxistral	Traballo didáctico e leccións maxistrais acerca da producción de ideas, conceptos, descubrimentos novos, orixinais e útiles, estéticos. Estudo teórico e fundamentado da inventiva e didáctica nas nas Artes.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodoloxías</b>	<b>Descripción</b>
Obradoiro	Atención personalizada
Traballo tutelado	Atención personalizada
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Atención personalizada
Estudo previo	Atención personalizada
Lección maxistral	Atención personalizada

<b>Avaliación</b>
-------------------

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Obradoiro	<p>No taller de creatividade buscaremos producir ideas, desenvolver conceptos, descubrir opcións novas, orixinais, útiles e que satisfagan a os alumnos e a colectividade. Un dos principios básicos que se van a tratar de seguir é a estimulación da capacidade creativa, potenciando o seu desenvolvemento e mellora.</p> <p>Para promover o seu desenvolvemento utilizaremos distintas técnicas experimentais e outras más coñecidas como os mapas mentais. Os procedementos prácticos levarán a efecto mediante a representación gráfica de ideas, temas, proxectos, etc.</p> <p>Trataremos de combinar palabras clave nos debuxos e establecer conexións entre aquellas, seguiremos como vén facendo nos estudos de creatividade un procedemento analóxico.</p>	30	A1 A2 A3 A4 A5	B11 C29 C41 C55 C59	C12 D9 D16 D21 C59	D2	C63 C64
Traballo tutelado	Como principais obxectivos no taller de creatividade buscarase o acto de innovar baixo a supervisión docente, de producir obras de arte creativas desde el enxeño, a capacidade de atopar solucións orixinais e a vontade de facer modificacións e asociacións entre ideas para transformar os obxectos, dando lugar a outro novos pero sempre seguindo directrices orientativas.	10	A1 A2 A3 A4 A5	C12 C25 C29 C59 C62	D2 D7 D13 D15 D16	D1	C12 C25 C29 C59 C62 D20
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O alumnado debe buscar, achar, inventar no exterior. En espazos abertos o alumnado vaise identificar co traballo nunha maior liberdade mediante a arte do descubrimento. O profesor guiarao na súa investigación dunha maneira formal. Na obra de arte realizada nas prácticas externas concretarase a estratexia e as conclusións que guían ao descubrimento.	20	A1 A2 A3 A4 A5	C12 C61 C25 C41 C59	D2 D9 D17	D1	C12 C61 D9 D17
Estudo previo	<p>Buscamos xerar dunha forma rápida métodos de innovar de forma positiva, resolver problemas artísticos desde o descubrimento, desde un pensamento distinto, diverxente, lateral pero fundamentado.</p> <p>O alumno antes de acometer unha obra deberá entender os seus obxectivos, cualificalos mediante esquemas. Partirá da base de que áinda sen atopar unha solución xerará uns principios dos estudos previos dos que poida deducir algo.</p>	10	A1 A2 A3 A4 A5	B11 C55 C34	D1 D7 D15 D16	D1	C12 C55 D7 D15 D16
Lección maxistral	<p>Seguiremos o procedemento de elaboración teórica docente de medios auxiliares, estratexias, principios e regras e a maneira de atopar vías de solución e pautas para xerar a expresión plástica.</p> <p>Como principios daremos suxestións para atopar solucións, pautas e medios que finalicen coa solución. En canto as regras que imos seguir, podemos enumerar: separar os elementos cos que se van á traballar, xerar figuras esquemáticas, táboas, mapas etc.</p>	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B7 C41 C62 C63	C12 C41 C61 C62 C63	D5 D8 D13 D16 D20	D5 D8 D13 D16 D21

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos que non asistisen a clase regularmente están obligados a entregar todos os traballos pendentes ou non entregados do cursopara poder superar a materia. Con independencia da súa asistencia ou non ás clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Os alumnos que non superen as competencias poden facelo na convocatoria de xullo.

As datas dos exames están establecidas na Web da Facultade.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

GARDNER, H., **Mentes creativas: unha anatomía da creatividade.**, Paidós, 1998.

DUBORGEL, Bruno., **O Debuxo do Neno. Estruturas e Símbolos.**, Paidós Ibérica S.A., 1981.

ESPRIÚ, R., **O neno e a creatividade.**, Trillas. Eduforma., 2005

FREINET, Élise., **Debuxos e Pinturas de Nenos.**, 6ª edición., Laia S.A., 1982

REYNOLD BEAN., **Como desenvolver a creatividade nos nenos**, Debate, 1993

#### Bibliografía Complementaria

GILBER, Michel, **O Ensino do Debuxo na Escola Primaria e Secundaria**, Paidós, 1974

TRILLO TORIJA, M., **Iniciación ao Debuxo na Escola**, Afrodisio Aguado S.A., 1964

WIDLOCHE, D., **Os Debuxos dos Nenos**, Herder, 1980

### Recomendacións

## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Didáctica da expresión plástica e visual/O05G110V01502

### Plan de Continxencias

#### Descripción

##### == MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ==

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinénlo atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

##### == ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ==

###### \* Metodoloxías docentes que se manteñen

Non existe variación na metodoloxía docente salvo polo cesamento das actividades presenciais que poden supor en certo grao menoscabo na atención directa e personalizada co alumnado, polo demais para suplir esta falta de atención directa ao mesmo, optouse por unha atención continua ao longo de todas as horas da semana mediante unha comunicación directa en tempo real por correo electrónico e mediante a gravación de metodoloxías construtivas da plástica, vídeos aos que os alumnos teñen acceso en calquera momento coa posibilidade de poder atender todas as dúbidas que estimen oportunas. Pola súa banda, as leccións maxistrais seguen impartíndose semanalmente a través de Faitic.

En consecuencia hai que deixar patente que en efecto se manteñen as metodoloxías docentes, o alumnado segue traballando nas tarefas encomendadas previamente e dispón do profesorado para calquera dúbida ou problema que lle poida xurdir.

A comunicación co alumnado é activa, fluída e constante, o alumnado polo xeral expresa dúbidas e promove o asesoramento do profesorado en cada instante, mediante o correo electrónico envíaselle calquera consideración que facilite a comprensión do traballo até a execución definitiva dos mesmos perfectamente elaborados conforme ás competencias que se establecen nas programacións docentes.

###### \* Metodoloxías docentes que se modifican

Non existe metodoloxía docente algúna que sexa modificada.

Se facemos unha avaliación atenta pero sintética da programación, fai unha referencia manifesta a uns talleres nos que se promove unha elaboración artística didáctica, daquela un traballo tutelado para avaliación das obras e a súa concepción diverxente e creativa e por último unha especie de prácticas para xerar novas ideas polos métodos de asociación e \*sinéctica, este último apartado é o que corresponde ao período do curso que faltaba por concluir e que polo seu confinamiento o alumnado está a seguir nas súas casas baixo supervisión do profesor.

Como xa se expresou no apartado anterior non se modificou en ningún detalle a metodoloxía docente, salvo a docencia directa que se deixou de impartir polo cesamento das actividades presenciais, elemento que entendemos non foi óbice para que o alumnado puidese seguir traballando con dedicación e competencia nas súas casas baixo a asesoría docente no día a día.

###### \* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Até agora viñan facendo titorías presenciais usualmente na aula de plástica debido a que o alumnado que viña con algunha consulta traía materiais como pigmentos ou de modelado, todas técnicas adecuadas á estrutura organizativa e infraestrutura da aula de plástica. Tendo en conta do cesamento das actividades presenciais e non sendo xa posible poder interactuar co alumnado nin ofrecerlle as explicacións precisas ante o material co que traballa, en detrimento de iso propúxose un incremento nas horas de atención ao mesmo. Aínda que as titorías viñan exercendo os mércores e venres a razón de 4 horas semanais (parte práctica da materia) e os luns a razón de 2 horas semanais (parte teórica), agora o alumnado como medida compensatoria dispón dunha atención diaria continua pero por vía telemática, sen excluír a posibilidade do envío de vídeos para facilitar a comprensión dos contidos que se establecen na metodoloxía didáctica.

###### \* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Non se considerou necesaria facer modificación algúna respecto dos contidos.

O alumnado até o día 15 de marzo de 2020 puido facer un seguimento da parte teórica conxugándoa con breves exercicios,

prácticos, expositivos e de análisis de imaxes e vídeos, e como complemento de todas esas actividades, o alumnado seguiu traballando nos exercicios que tiña encomendado até a data de hoxe.

\* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Respecto da bibliografía que xa se contempla na programación didáctica, desde obras de Gardner, Bruno, Espriu, etc., como as contempladas na aula de Estanislao Bachrach, as de Kaufman, as de C. Gregoire, F. Manes, e todas as que se fan referencia no blog da materia, os seus contidos están sintetizados no mesmo para que os alumnos poidan axilizar no desenvolvemento dos seus traballos sen deterse na lectura dos mesmos.

O apartado da páxina que os contempla é o seguinte:

<http://didactica-de-las-artes.blogspot.com/>

<http://estudio-de-creatividad.blogspot.com/2014/03/concepto-de-creatividade.html>

Tamén se fai referencia no apartado do epígrafe seguinte:

<http://estudio-de-creatividad.blogspot.com/2014/03/guia-docente.html>

Tamén é coñecedor dos alumnos os estudos dos que se fai tamén referencia no mesmo blog, aqueles que concernen á creatividade respecto de BeanReynold, M. Gilbert, etc., libros que se contemplan na bibliografía da programación.

Tamén é referente para facilitar o desenvolvemento técnico dos traballos:

<http://didactica-de-las-artes.blogspot.com/>

Técnicas de pintura, debuxo e escultura:

[https://www.youtube.com/channel/UC\\_0FM-gb4UKAMZA3RswcVyA/playlists?disable\\_polymer=1](https://www.youtube.com/channel/UC_0FM-gb4UKAMZA3RswcVyA/playlists?disable_polymer=1)

Con respecto á parte teórica, facilitouse ao alumnado unha serie de contidos online como plataformas de arte:

<https://historia-arte.com>

<https://masdearte.com/>

<https://www.artsy.net/>

Páxinas de museos con actividades e talleres de educación artística infantil:

<https://www.ivam.es/>

<https://www.centrobotin.org/>

<http://cgac.xunta.gal/>

[www.didac.gal](http://www.didac.gal)

Vídeos:

Curtametraxe [Un can andaluz]: [https://www.rtve.es/\\*alacarta/videos/un-can-andaluz/can-andaluz/1570997/](https://www.rtve.es/*alacarta/videos/un-can-andaluz/can-andaluz/1570997/)

Vídeo de animación sobre Jackson Pollock: <https://www.youtube.com/watch?v=WVeg7mTZ3-E>

Documentais:

Chema Madoz:

<https://www.rtve.es/alacarta/videos/imprescindibles/imprescindibles-chema-madoz-regar-escondido/5158161/>

Arte século XX: [https://www.youtube.com/watch?v=e7xzo\\_rBuUQ&feature=emb\\_title](https://www.youtube.com/watch?v=e7xzo_rBuUQ&feature=emb_title)

\* Outras modificacións

Non se estableceu modificación algúnya, tal e como se fai constar nos apartados anteriores.

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Quizais a única diferenza adaptativa respecto das consideracións avaliativas previas é aquela referente a que a supervisión ao non ser presencial respecto ao conxunto do alumnado non existe unha aprendizaxe baseada na observación do que se deixá constancia a nivel xeral, isto é, ante calquera consideración correctora que se podía facer previamente ante a xeneralidade do alumnado presente, temos unha situación na que xa non cabe ese tipo de aprendizaxe.

Até o día en que se establece o confinamento e mediante a supervisión das probas realizadas na aula, de avaliacóns respecto das imaxes e vídeos mostrados na aula, aos comentarios sobre os mesmos, até os traballos recibidos por parte do alumnado desde o día 16 de marzo até a data actual, neles déixase constancia da aplicación práctica do apreso na aula, levando todos esos coñecementos aos dous traballos prácticos de tema e técnica libre que os alumnos debían e deben realizar baixo un contido estético, plástico e creativo.

Con respecto aos exercicios teóricos propostos como avaliación das leccións maxistrais tampouco houbo modificacións. Exponse un total de 5 pequenos exercicios teóricos dos cales xa se realizaron 4 seguindo os mesmos criterios que os expostos durante a presencialidade da docencia.

\* Probas pendentes que se manteñen

Como probas pendentes temos os dous traballos encomendados ao alumnado, para todos aqueles que ainda non puideron levalo a efecto, ou que ben o están realizando neste momento pero que están pendentes de ser concluídos.

Aínda que hai alumnos que xa lles deu tempo de concluir o traballo, hai outros que ainda están en fase de elaboración, seica porque ainda precisan do asesoramento respecto dalgún dos apartados para poder proceder á súa conclusión.

Desde a parte teórica da materia aínda queda pendente un traballo teórico que se realizará no mes de maio cando se impartan os contidos teóricos correspondentes.

\* Probas que se modifican

Non existe modificación en ningunha das probas propostas.

Tampouco se estableceron novas probas respecto das que había programadas, o alumnado xa desde o primeiro día do curso sabía que á parte dos traballos prácticos da aula e aprendizaxe dos contidos no desenvolvemento das clases, baixo soportes teórico-prácticos, non ía haber máis traballos que aqueles a priori establecidos.

\* Novas probas

Non se estableceron novas probas respecto das que había programadas. Non hai máis traballos que aqueles que se establecen desde principio de curso.

\* Información adicional

Tampouco ha lugar a información adicional algunha que sirva para complementar o devandito anteriormente.

---